

TAREFA 1 "SBRE RDAS"

TAREFA 2 - STEAM

2º TRIMESTRE

1º e 2º de Educación Primaria

1. IDENTIFICACIÓN

TÍTULO DA TAREFA:	SOBRE RODAS		
ETAPA:	E. PRIMARIA	NIVEL:	1º E 2º
ÁREAS:	CCNN, CCSS, MATEMÁTICAS, LINGUA, PROXECTO COMPETENCIAL E EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL.	PROFESORADO:	Nataxa Pérez de la Fuente Alabau

DESCRIPCIÓN:

“Sobre rodas” é unha tarefa que abarca todo o curso en todos os niveis educativos do ámbito STEAM que ten 3 obxectivos principais:

- Converter ó alumnado en pequenos e pequenas expertas no coñecemento de máquinas simples e complexas, e así poder crear unha carrilana.
- Organizar un encontro de carrilanas en Tui no marco do IV Congreso EducODS #Axenda 2030.
- Poner en valor a tradición e a cultura galega.

A tarefa organízase en tres fases, unha para cada trimestre:

- No primeiro trimestre afondamos na **orixe e historia das carrilanas** achegándonos a outro tempo e outros escenarios da infancia (a posguerra da Guerra Civil Española). Indagamos na mecánica destes vehículos que non sería posible sen a existencia das primeiras **máquinas simples**, a rampla e a roda, entre outras. Estudamos a relación das **forzas** esenciais que interaccionan nestas máquinas e, para finalizar, construímos modelos a tamaño reducido das futuras carrilanas. Estas **maquetas de carrilanas** a tamaño reducido foron o produto final desta primeira fase.
- Neste segundo trimestre aprenderemos a interpretar o despiece dunha carrilana nun plano, a **medir** as pezas utilizando o metro, buscaremos os materiais precisos para levar a cabo a construción a tamaño real dos nosos vehículos sostibles (coa axuda da comunidade educativa), a facer unha lista de material e a **utilizar ferramentas reais**, con seguridade como o taladro ou o desparafusador. Con todo isto, construiremos as nosas **carrilanas** a tamaño real.

– Por último, no terceiro trimestre traballaremos na organización do noso evento (IV Congreso EDUCODS) elaborando carteis explicativos de todo o proceso e ofrecendo á comunidade alternativas ecolóxicas de xoguetes inspirados nouro tempo.

XUSTIFICACIÓN:

Esta tarefa xorde do interese por unha manifestación cultural que podemos atopar en diversas vilas da nosa comunidade, as carreiras de carrilanas.

A orixe destes xoguetes, froito da creatividade derivada da falta de recursos da posguerra, retoma hoxe o seu sentido máis profundo. Trataremos de facer consciente ao alumnado da necesidade actual de divertirse aproveitando o que xa temos, creando cousas con imaxinación, e afastándonos do consumo desmedido en favor do consumo responsable.

Ademais, fainos conscientes da necesidade de reutilización de materiais como unha prioridade, sen esquecer a dimensión social de crear espazos de convivencia comúns onde poder compartir experiencias que enriquezan a nosa comunidade, poñendo en valor a tradición que nos une como pobo.

A tarefa promove o traballo dos ODS: **ODS 7**(coñecer as enerxías limpas e tomar conciencia da súa importancia), **ODS 11** (Investigar vehículos non contaminantes para crear cidades sostibles), **ODS 12** (Necesidade de aproveitar os recursos e consumilos de xeito responsable), **ODS 13** (reducir o consumo e polo tanto a contaminación e reutilizar os recursos son accións favorables que repercuten de xeito directamente sobre o clima), **ODS 17** (crear espazos de comunicación e intercambio de experiencias e ofrecer alternativas sostibles á comunidade).



CONTEXTO:

ÁMBITO STEAM

Esta tarefa desenvólvese de forma coordinada no ámbito STEAM desde 4º de EI ata 6º de Educación Primaria, adaptando os contidos e actividades aos intereses, ás necesidades, ás motivacións e ao currículo de cada nivel. Neste caso concreto, expónse a tarefa de 1º e 2º de Ed. Primaria (grupos mixtos).

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

DESCRIPCIÓN DE ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	PROCEDEMENTO E INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
	1º SESIÓN: PRESENTACIÓN DA TAREFA	
<p>CÍRCULO INICIAL Comezamos a sesión cun círculo proactivo para favorecer un clima de proximidade e coñecernos un pouco mellor co obxectivo de cohesionar o grupo e mellorar o traballo en equipo. No círculo sempre partimos dunha pregunta que nos de pé a introducir o tema da sesión.</p> <p>Pregunta: Cal é o teu xoguete favorito que non precise nin pilas nin electricidade?</p>	<p>1º LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p> <p>2º LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p>	<p>Observación directa Escala de valoración</p>
<p>Presentación PANEL SCRUM 1 onde se reflexan os pasos a seguir da sesión. Panel SCRUM 1</p>	<p>1º PC CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.</p> <p>2º PC CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.</p>	<p>Observación directa Escala de valoración</p>

<p>PRESENTACIÓN DO TEMA</p> <p>Recordamos entre todxs (facendo preguntas) o traballo de confección de maquetas que fixemos no primeiro trimestre e definimos o obxectivo desta segunda tarefa: Facer carrilanas de madeira.</p> <p>RESPONDEMOS EN GRUPO A TRES PREGUNTAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • QUE IMOS FACER? • POR QUE DECIDIMOS FACER ESTE XOGUETE E NON OUTRO? • PARA QUE? – OBXECTIVO FINAL (Aportacións á comunidade) 	<p>1º PC CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.</p> <p>2º CCSS CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.</p> <p>2º PC CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.</p> <p>2º CCSS CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.</p>	<p>Observación directa Escala de valoración</p>
<p>CADERNO DE EQUIPO</p> <p>Repartimos os cargos. Sentámonos por equipos e repartimos pictogramas cos primeiros cargos secretarix e coordinador e introducimos o cargo de axudante. Repartimos e explicamos as funcións.</p>	<p>1º M CA2.1. Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.</p> <p>2º M CA2.1. Aceptar a tarefa e o rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.</p>	<p>Autoavaliación: análise do caderno de equipo. Escala de valoración</p>
<p>OBSERVAMOS UN PROTOTIPO</p> <p>Observamos unha carrilana sinxela feita cos materiais donados pola empresa de madeiras á que solicitamos axuda. Organizámonos nos equipos e repartimos unha folla por equipo na que aparece un croquis do prototipo. O obxectivo é ir tomando as medidas e trasladándoas ao lugar axeitado no papel. Antes de tomar as medidas visualizamos un vídeo: Unidades de medida de lonxitude Repartimos as cintas métricas e lápis para apuntar as medidas no croquis.</p>	<p>1º M CA1.7. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.</p> <p>2º M CA1.7. Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.</p>	<p>Observación directa Preguntas orais</p>

<p>Con todo o anotado elaboramos unha lista de materiais.</p>		
<p>CÍRCULO FINAL Avaliación e metacognición. No círculo entre todxs revisaremos o aprendido na sesión respondendo sinxelas preguntas sobre os contidos da sesión. Remataremos coa pregunta: Que foi o que máis che gustou desta sesión?</p>	<p>1º CCSS CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.</p> <p>1º PC CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p> <p>2º CCSS CA4.3. Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.</p> <p>2º PC CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Metacognición final</p>
	<p>2º SESIÓN: ENERXÍAS LIMPAS E SUCIAS</p>	
<p>CÍRCULO INICIAL Comezamos co círculo para incentivar a participación e presenza de todxs e reforzar a cohesión. Facemos unha pregunta: Que cousas coñeces que ensucian o aire do noso planeta?</p>	<p>1º LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía linguística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p> <p>2º LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía linguística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Escala de valoración</p>
<p>Presentación do PANEL SCRUM 2 Revisamos os pasos entre todxs. Panel SCRUM 2</p>	<p>1º PC CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.</p> <p>2º PC CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Escala de valoración</p>

<p>CADERNO DE EQUIPO</p> <p>Xa temos repartidos os cargos, hoxe imos traballar os compromisos individuais no grupo. Repartimos pictos dos compromisos recordando entre todxs en que consiste cada un. Cubrimos no caderno de equipo.</p>	<p>1º M CA2.1. Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.</p> <p>2º M CA2.1. Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Autoavaliación: análise do caderno de equipo.</p>
<p>ENERXÍAS LIMPAS E SUCIAS</p> <p>Preguntamos en gran grupo: Contaminan ao moverse as nosas carrilanas? Por que? Contaminan os coches? Que outras cousas que se moven contaminan? Imos preguntando en gran grupo para saber o punto de partida e as ideas previas que teñen sobre o tema. Falamos dos diferentes tipos de enerxías e visualizamos un vídeo: VÍDEO Enerxías limpas e sucias</p>	<p>1º LG CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.</p> <p>2º LG CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Análise da produción</p>
<p>TRABALLO EN MESA</p> <p>Reorganizamos a información entre todos facendo preguntas e extraendo conclusións. Ensinamos dous paneis con imaxes das enerxías limpas e sucias e repartimos o traballo nos grupos para completar en equipo a información. Coa estrutura "lápiz ao centro" imos recortando e pegando ou debuxando e escribindo ata completar os dous paneis de enerxías limpas e sucias por cada membro de ambos equipos. "Lápiz ao centro" organizamos a información</p>	<p>1º LG CA6.2. Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.</p> <p>2º LG CA6.2. Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Análise da produción</p>

<p>CÍRCULO FINAL</p> <p>Avaliación e metacognición.</p> <p>En gran grupo, repasaremos os contidos que aprendimos, como o fixemos e revisaremos se cumprimos os compromisos no equipo.</p> <p>Pregunta final:</p> <p>Di unha palabra de algo novo que aprendiches nesta sesión?</p>	<p>1º PC CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p> <p>2º PC CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Ticket de saída</p>
<p>3º SESIÓN: COÑECEMOS FERRAMENTAS E MONTAMOS A CARRILANA</p>		
<p>CÍRCULO INICIAL</p> <p>Comezamos co círculo para incentivar a participación e presenza de todxs e reforzar a cohesión. Lembramos que somos un equipo e cada un di en alto o compromiso que adquiriu nesta tarefa e os cargos que escollimos. Despois facemos unha pregunta para comezar:</p> <p>Que ferramentas coñeces?</p>	<p>1º LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p> <p>2º LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Escala de valoración</p>
<p>PANEL SCRUM 3</p> <p>Lemos os pasos da sesión en alto e imos marcando cun tick conforme avanzamos na sesión.</p> <p>Panel SCRUM 3</p>	<p>1º PC CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.</p> <p>2º PC CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Escala de valoración</p>
<p>VISITAMOS A CARPINTERÍA</p> <p>Visitamos a carpintería que xs nosxs compañeirxs de 3º ciclo montaron na aula de “Polos creativos”. Levamos a nosa lista coas</p>	<p>1º PC CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p> <p>2º PC CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.</p>	<p>Observación directa</p>

<p>medidas das pezas que precisamos e a cantidade de cada unha.</p> <p>Alí xs nosxs compañeirxs nos ensinan a cortar coa caladora a madeira e observamos como cortan as rodas cun taladro e unha coroa. Facemos un percorrido</p>		
<p>MONTAMOS AS CARRILANAS</p> <p>Organizamos todo o material que trouxemos da carpintería e observando o prototipo imos achegando as pezas no lugar axeitado. Repartimos o traballo por equipos de xeito que cada alumnx poda utilizar o taladro e o desparafusador eléctrico.</p> <p>Mentres un equipo empeza a montaxe o outro agarda na mesa facendo unha lectura compartida de palabras relacionadas coas ferramentas e as unións metálicas que imos utilizar (parafusos, arandelas...)</p> <p>COÑECEMOS AS FERRAMENTAS</p>	<p>1º PC CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p> <p>1º EPV CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p> <p>2º PC CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p> <p>2º EPV CA4.5. Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Lista de cotexo</p>
<p>COÑECEMOS AS FERRAMENTAS</p> <p>O equipo que está na mesa realiza esta lectura compartida e o outro equipo adícase ao paso anterior: MONTAMOS CARRILANAS FERRAMENTAS</p> <p>Repartimos a todos os membros do equipo a folla coas ferramentas na que veñen os apoios visuais e sonoros ademáis da palabra. Empeza un e imos rotando ata nomear todas as palabras ao tempo que identificamos no papel do debuxo a ferramenta en cuestión. Conforme imos</p>	<p>1º LG CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.</p> <p>1º LG CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.</p> <p>2º LG CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións de aula.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Análise da produción</p>

<p>identificando as ferramentas na outra folla escribimos ou recortamos e colocamos a palabra no recadro. A persoa que le a palabra explica aos demais para que sirva esta ferramenta.</p>	<p>2º LG CA2.3. Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.</p>	
<p>CADERNO DE EQUIPO Avaliamos o cumprimento dos compromisos en cada equipo. Que estivo ben e que podemos mellorar.</p>	<p>1º M CA6.3. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.</p> <p>2º M CA6.3. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>Observación directa Autoavaliación: análise do caderno de equipo.</p>
<p>CÍRCULO FINAL En gran grupo avaliamos como transcurriu a sesión. Preguntamos no círculo: Que foi o que máis che gustou do que aprendiches hoxe?</p>	<p>1º PC CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p> <p>2º PC CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Observación directa Ticket de saída</p>
<p>4º SESIÓN: DESEÑAMOS E PINTAMOS</p>		
<p>CÍRCULO INICIAL Comezamos co círculo para incentivar a participación e presenza de todxs e reforzar a cohesión. Lembramos que somos un equipo e cada un di en alto o compromiso que adquiriu nesta tarefa e os cargos escollidos en cada equipo. Despois facemos unha pregunta: Escolle dúas cores que che gustarían para decorar a carrilana.</p>	<p>1º LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas ou dirixidas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p> <p>2º LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p>	<p>Observación directa Escala de valoración</p>

<p>PANEL SCRUM 4</p> <p>Lemos os pasos da sesión en alto e imos marcando cun tick conforme avanzamos na sesión.</p> <p>Panel SCRUM 4</p>	<p>1º PC CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.</p> <p>2º PC CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.</p>	<p>Observación directa Escala de valoración</p>
<p>DESEÑAMOS E PINTAMOS</p> <p>Tras buscar puntos comúns entre as cores que escollemos no grupo ao comezar, comezamos a preguntar elementos para decorar a carrilana, imos apuntando e buscando acordos entre todxs. Pensamos tamén nun nome, para iso dicimos cada un unha palabra e a partir de aí buscamos acordo ou no caso de non chegar a acordo elaboramos un título composto de varias palabras. Remarcamos que o obxectivo é que esta carrilana sexa de todo equipo e ten que ter algo de cada membro do grupo porque nos representa a todxs.</p> <p>Nun papel A3 imos situando os elementos que imos escollendo sen debuxalos ben, facento un borrador para acotar as zonas e pintar cada un unha parte.</p> <p>Unha vez repartida a tarefa comeza un equipo mentres o outro equipo espera cubrindo un A4 que ten distintos elementos da clase para medir. Cada membro ten a súa cinta métrica. O coordinador xestionará os turnos.</p> <p>Medidas</p>	<p>1º PC CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p> <p>2º PC CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.</p> <p>1º M CA5.4. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.</p> <p>2º M CA5.4. Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.</p>	<p>Observación directa Análise da produción</p>
<p>CADERNO DE EQUIPO</p> <p>Avaliamos o traballo en equipo a través da diana de autoavaliación.</p>	<p>1º M CA6.3. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>Observación directa</p>

	<p>2º M CA6.3. Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.</p>	<p>Autoavaliación: análise do caderno de equipo.</p>
<p>CÍRCULO FINAL</p> <p>Avaliación e metacognición.</p> <p>Avaliamos en gran grupo os contidos aprendidos e o grao de consecución do noso produto final (carrilana) xa que chegamos á derradeira sesión. Por último despedímonos no círculo coa pregunta:</p> <p>Que foi o que máis me gustou do ámbito?</p>	<p>1º PC CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p> <p>2º PC CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p> <p>1º CCNN CA1.4. Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.</p> <p>2º CCNN CA1.4. Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e os resultados obtidos coas predicións realizadas.</p>	<p>Observación directa</p> <p>Ticket de saída</p>
<p>CONTIDOS CURRICULARES DA TAREFA</p>		

1ºEP	2ºEP
<p>CCNN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. ● Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. ● Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. ● Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. ● Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá. ● Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. ● Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos 	<p>CCNN:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. ● Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. ● Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. ● Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. ● Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.

<p>adequados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Estratexias básicas de traballo en equipo. <p>CCSS:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación. <p>LG:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. ● Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. ● Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. ● Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. ● Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras. <p>M:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques... ● Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso 	<ul style="list-style-type: none"> ● Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna. ● Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula. ● Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. ● Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. ● Estratexias básicas de traballo en equipo. <p>CCSS:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● As expresións e producións artísticas a través do tempo. O patrimonio material e inmaterial local. Coidado e conservación. <p>LG:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Uso dunha linguaxe non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas coa perspectiva de xénero. ● Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente. ● Comprensión global de textos orais de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe e procedentes de diversas fontes. ● Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos, da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal. ● Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras. <p>M:</p>
---	---

de aprendizaxe.

PC:

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.

EPV:

- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.

- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas, logo da análise, exploración e recoñecemento de regularidades e propiedades; composición e descomposición manipulativas con recursos funxibles, non funxibles como pezas de construción, bloques...
- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades, tempos, temperatura) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises de acertos e erros como parte do proceso de aprendizaxe.

PC:

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.

EPV:

- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Historia das carrilanas no noso país.
- A guerra civil no noso país e a situación da infancia nas guerras e postguerras (de calquer lugar).
- Materiais de refugallo de antes e de agora para crear xoguetes.
- Repercusión sobre o medioambiente da reutilización de materiais.
- Importancia da redución do consumo.
- Tipos de enerxías e repercusións medioambientais.
- Partes esenciais dun vehículo con rodas: estrutura básica de soporte, rodas e eixos.

- Ferramentas básicas de carpintería.

- Unidades de medida de lonxitude.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

1º Sesión

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMIENTO	RECUROS	TEMPORALIZACIÓN
CÍRCULO INICIAL	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none">● Obxecto da palabra	9:30-9:45
PANEL SCRUM 1	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none">● Panel impreso● Rotulador	9:45-9:50
PRESENTACIÓN DO TEMA	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none">● Pizarra para anotar	9:50-10:10
CADERNO DE EQUIPO	Aula 2º EP	Traballo por equipos	<ul style="list-style-type: none">● Caderno de equipo● Pictos● lápiz	10:10- 10:30
OBSERVAMOS UN PROTOTIPO	Aula 2º EP	Traballo por equipos	<ul style="list-style-type: none">● Prototipo● croquis prototipo● cintas métricas● lápiz● Pantalla (vídeo)	10:30- 11:10
CÍRCULO FINAL	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none">● Obxecto da palabra	11:10 -11:30

2º Sesión

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
CÍRCULO INICIAL	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Obxecto da palabra 	9:30-9:50
PANEL SCRUM 2	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Panel impreso ● Rotuladores 	9:50-10:00
CADERNO DE EQUIPO	Aula 2º EP	Traballo por equipos	<ul style="list-style-type: none"> ● Caderno de equipo ● Pictos ● Lápis 	10:00-10:20
ENERXÍAS LIMPAS E SUCIAS	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Pantalla (vídeo) 	10:20- 10:40
TRABALO EN MESA	Aula 2º EP	Traballo por equipos	<ul style="list-style-type: none"> ● Lápis, pegamento e tesoiras. ● Soporte individual. Enerxías 	10:40 - 11:30
CÍRCULO FINAL	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Obxecto da palabra ● Ticket de saída 	12:30-13:20

3º Sesión

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
CÍRCULO INICIAL	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Obxecto da palabra 	9:30-9:40
PANEL SCRUM 3	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Panel impreso 	9:40-10:00
VISITAMOS A CARPINTERÍA	Aula Polos creativos	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Ferramentas da aula 	10:00-10:25
MONTAMOS AS CARRILANAS	Aula 2º EP	Traballo en equipo	<ul style="list-style-type: none"> ● Pezas e ferramentas. 	10:25- 10:45
COÑECEMOS AS FERRAMENTAS	Aula 2º EP	Traballo en equipo	<ul style="list-style-type: none"> ● Soporte ferramentas 	10:45-11:05
CADERNO DE EQUIPO	Aula 2º EP	Traballo en equipo	<ul style="list-style-type: none"> ● Caderno de equipo 	11:05-11:15
CÍRCULO FINAL	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Obxecto da palabra 	11:15-11:30

4º Sesión

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMIENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
CÍRCULO INICIAL	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Obxecto da palabra 	9:30-9:45
PANEL SCRUM 4	Aula 2º EP	Equipos Individual	<ul style="list-style-type: none"> ● Panel impreso ● Rotuladores 	9:45-10:00
DESEÑAMOS E PINTAMOS	Aula 2º EP	Gran grupo e Equipos (Rotación)	<ul style="list-style-type: none"> ● A3 ● Rotuladores ● Pinturas e pinceis. ● Soporte medidas ● Cintas métricas 	10:00- 11:30
CADERNO DE EQUIPO	Aula 2º EP	Traballo en equipo	<ul style="list-style-type: none"> ● Caderno de equipo. 	12:30- 13:00
CÍRCULO FINAL	Aula 2º EP	Gran grupo	<ul style="list-style-type: none"> ● Tícket de saída ● Obxecto da palabra 	13:00-13:20

5. AVALIACIÓN			
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS	PROCEDEMENTOS	TIPO DE AVALIACIÓN
ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO) Contidos, Criterios e Obxectivos	Escala de valoración	Observación directa Análise das produccions	Profesorado ao alumnado Autoavaliación do alumnado
TRABALLO EN EQUIPO	Escala de valoración Caderno de equipo	Observación directa Análise caderno de equipo Autoavaliación final de sesión	Profesorado ao alumnado Autoavaliación do alumnado
PRÁCTICA DOCENTE	Escala de valoración	Autoavaliación e reflexión	Autoavaliación do profesorado
DESEÑO DA TAREFA	Escala de valoración	Autoavaliación e reflexión Análise das reflexións do alumnado Observación directa	Autoavaliación do profesorado

ESCALA DE VALORACIÓN

EXPRESIÓN

<p>LG CA2.6. Participar en interaccións orais, espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente, incorporando estratexias elementais de escoita activa.</p>	4	3	2	1
PARTICIPA EN INTERACCIÓNS ORAIS RESPECTANDO AS NORMAS BÁSICAS				
ELABORA MENSAXES COHERENTES				
UTILIZA VOCABULARIO SINXELO AXEITADO				
UTILIZA ESTRATEXIAS DE ESCOITA ACTIVA				

COMPRESIÓN DA TAREFA

<p>LG CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido, da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.</p> <p>M CA1.1 Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.</p>	4	3	2	1
COMPRENDE O SENTIDO XERAL DE TEXTOS ORAIS E MULTIMODAIS SINXELOS				
RECOÑECE AS IDEAS PRINCIPAIS DO TEMA				
VALORA O CONTIDO DA INFORMACIÓN				

FORMULA PREGUNTAS				
REALIZA PREDICCIÓNS A TRAVÉS DA OBSERVACIÓN				

TRABALLO EN EQUIPO

M CA 2.1 Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	4	3	2	1
M CA 6.3 Participa respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.				
TEN PRESENCIA NO EQUIPO				
PARTICIPA RESPETUOSAMENTE NO TRABALLO EN EQUIPO				
ACEPTA O ROL ASIGNADO NO EQUIPO				
CUMPLE COAS SÚAS RESPONSABILIDADES INDIVIDUAIS				
CONTRIBÚE A ACADAR OS OBXECTIVOS DO GRUPO				

CONSTRUCCIÓN DA CARRILANA	SI	NON
SELECCIONA O MATERIAL INDICADO		
COMPRENDE A IMPORTANCIA DAS UNIDADES DE MEDIDA		
SEGUE OS PASOS DE ELABORACIÓN		
UTILIZA AS FERRAMENTAS (CON OU SEN AXUDA)		
VALORA O PRODUCTO FINAL		
COMPARTE OS RESULTADOS CO GRUPO		

AUTOAVALIACIÓN DO DESEÑO DA TAREFA	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		

Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos estipulados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		

Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		

AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	SI	NON
Deuse resposta ás principais necesidades do alumnado.		
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Fomentouse a motivación e implicación do alumnado nas actividades a través dunha linguaxe positiva.		

Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Mantívoise unha colaboración e coordinación real entre o profesorado implicado.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
Implicouse ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.		
A temporalización das accións foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha valoración diaria ou semanal (de maneira informal) das actividades realizadas e dos aspectos de mellora.		

Construíronse os equipos cooperativos cos criterios propios da aprendizaxe cooperativa.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadores para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
Dedicouse un tempo para a avaliación da aprendizaxe e da autoavaliación.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		